



Hai dous anos que contratei o seguro do fogar. Convenceume o prezo, pero ao segundo ano subíronme a prima. Aumentou de novo e quero cambiar de compañía. Chameinos por teléfono, pero dinme que pasou o prazo. Podo facer algo?

Para evitar a prórroga dun contrato de seguro anual hai que avisar cunha antelación de dous meses antes da data do seu vencemento. Esta comunicación convén realizala por escrito fidedigno, non por teléfono. Se o prazo xa transcorreu, habería que comprobar na póliza a data de vencemento do seguro anual e a data da comunicación, co incremento da prima. E para todo isto hai que ter en conta que unha modificación dun elemento esencial do contrato de seguro como o é a prima require o acordo de ambas as dúas partes. Segundo a Dirección Xeral de Seguros, poden darse dous supostos diferentes. Pode ocorrer que a modificación da prima estea xa prevista no contrato, no que se ha de determinar

o seu importe ou, polo menos, os medios automáticos para o seu cálculo. Nestes casos, non se require unha nova aceptación do asegurado porque este xa prestou o seu consentimento ao subscribir o seguro. E tamén pode acontecer que a modificación de primas non estea prevista. De ser este o caso, debe comunicárselle ao asegurado dous meses antes da finalización do contrato e este ha de aceptala. Se este non aceptase a suba, a entidade poderá negarse a prorrogar o contrato para o seguinte período de cobertura. É dicir, só poderá aplicarse a subida co consentimento do asegurado e, polo tanto, se o asegurado comunica a súa oposición, a aseguradora debe aplicar a prima do período anterior.



Aceptei unha oferta de varias noites de hotel a moi baixo prezo. Primeiro debía pagar a reserva e logo enviábanme unha clave para entrar na web e elixir a súa oferta. Aceptei, cargáronme o importe na miña conta e déronme a clave por mensaxe de móbil. Ao entrar na web, encóntrome con que todos os hoteis me obrigan a reservar media pensión ou pensión completa e a pagar un suplemento moi elevado. Non é o que me dixeron e quero que me devolvan o diñeiro. Que podo facer?

Os consumidores teñen dereito a recibir unha información veraz, eficaz e suficiente sobre as características esenciais dos bens e servizos de modo que non haxa lugar a erro. E, nas vendas a distancia, teñen dereito a desistir sen xustificación ningunha en sete días, prazo que se computa dende a celebración do contrato ante un servizo. Unha vez que transcorre ese tempo, o dereito decae, agás cando o empresario non cumpre co deber de informar sobre o dereito de desistencia. Nese caso, o prazo amplíase a

tres meses. Agora ben, este dereito non se aplica a contratos a distancia de servizos de aloxamento se o empresario se compromete a ofrecer o servizo nunha data determinada. Aínda que este puidese ser o caso, tamén cabería entender que o período de gozo non quedou concretado. Por iso, suxerímoslle que acuda aos servizos de consumo do municipio ou da provincia e que reclame a resolución do contrato e mais a devolución do prezo pagado pola vía da desistencia ou, tamén, por información defectuosa e incompleta.

### DÚBIDAS LEGAIS

consultoriolegal@consumer.es

Se tes dúbidas legais, mándanos un correo electrónico. Tras estudar as posibilidades de cada caso, os servizos xurídicos de EROSKI CONSUMER suxiren as actuacións máis adecuadas para cada situación. Trátase só dunha orientación, posto que as cuestións xudiciais son complexas e están cheas de circunstancias que condicionan os casos e inflúen nas sentenzas. Recorda que a única contestación ás consultas que se reciban será a publicada nestas páxinas.

### UN CASO SIMILAR PODE MERECE UNHA SENTENZA DISTINTA

Esta sección recolle sentenzas dos nosos tribunais que, polo seu contido, afectan os consumidores e os usuarios de todo tipo de produtos e servizos. Non hai que esquecer que, ante feitos similares, as cuestións de proba, as circunstancias concretas das partes implicadas e ata o tribunal que sexa competente na causa pode determinar sentenzas distintas.



## NORMATIVA EUROPEA DE GARANTÍAS

### Solicita a resolución do contrato de compra dun vehículo defectuoso

Unha consumidora comprou un coche. Cando chovía, filtrábase auga polo teito do vehículo. Como as reparacións en garantía non foron eficaces, a muller solicitou a súa substitución, aínda que ao final tivo que acudir a xuízo para reclamar a resolución do contrato de compravenda e a devolución do prezo. O Xulgado de Primeira Instancia número 2 de Badaxoz considerou que a resolución do contrato de compravenda non procedía por ser de escasa importancia o defecto. Recoñecía que, malia que procedería unha redución do prezo pagado, non podía concederllo por non o solicitar. Ademais, impídeo o dereito procesual español que non lle permite ao consumidor nin a posibilidade de modificar a súa solicitude inicial nin presentar para o efecto unha nova demanda. Ante as dificultades de facer valer os dereitos da garantía polo citado xulgado, solicitóuselle ao Tribunal Europeo de Xustiza que se pronunciase ao respecto. E este conclúe, na Sentenza do 3 de outubro de 2013, que a normativa europea de garantías se opón á española porque non lle permite ao xuíz nacional recoñecer de oficio o dereito á redución do prezo.

## LEI DO CONTRATO DE SEGURO

### Déixalle o coche ao seu fillo, ten un accidente e o seguro non o cobre

O propietario dun coche prestoullo ao seu fillo de 19 anos, quen sufriu un accidente e danou o vehículo. O coche estaba asegurado a todo risco. Polo tanto, reclamoulle ao seu seguro o importe total dos danos e este denegou a solicitude. A póliza indica que "o tomador do seguro declara que o vehículo non vai ser conducido por persoas menores de 25 anos e/ou con menos de dous anos de antigüidade do permiso de conducir". A Audiencia Provincial de Cidade Real, na Sentenza do 3 de outubro de 2013, considerou que si procedía unha indemnización parcial. A condución ocasional do fillo constitúe unha circunstancia de agravación do risco, o que encarecería a prima e, ademais, non se lle comunicou á aseguradora. A Audiencia considera que se pode aplicar a lei do contrato: se o sinistro sobrevén antes de que o asegurado faga a declaración de agravación do risco, a prestación do seguro reducirase proporcionalmente á diferenza entre a prima convida e a que se aplicaría de coñecerse a verdadeira entidade do risco. E condena ao aboamento da cantidade de 3362 euros se se lle ceden á aseguradora os restos do vehículo e da cantidade de 1502 euros en caso de que os restos quedasen en poder do asegurado.



## CLÁUSULA TEITO E CLÁUSULA CHAN

### Condenan o banco a devolver as cantidades cobradas en exceso pola cláusula chan da hipoteca máis xuros

Uns cidadáns concertaron un empréstito hipotecario con xuro variable e cunhas cláusulas teito e chan do 12 % e do 3 %, respectivamente. Acudiron a xuízo para solicitar a súa nulidade e a devolución das cantidades cobradas en exceso pola cláusula chan, solicitudes que foron acollidas na Sentenza do 18 de outubro de 2013 polo Xulgado do Mercantil número 1 de Santander. Entre outras moitas argumentacións, sostén que a cláusula convertía o contrato, de forma sorprendente para o consumidor, nun empréstito a xuro mínimo fixo. Declara nula a cláusula e condena o banco a eliminala do contrato. Ao tratarse dunha acción individual e non colectiva, obriga a devolver as cantidades cobradas indebidamente, e mais os xuros, e a recalcular de forma efectiva o cadro de amortización do empréstito hipotecario dende a súa constitución.

